

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 15, 18-21

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

– «Se o mundo vos aborrece, sabede que me aborreceu a min antes do que a vós.

Se fósedes do mundo, o mundo amaríavos coma cousa propia; pero, como eu vos escollín do mundo, por iso o mundo aborrecevos.

Lembrádevos da palabra que vos dixen: “Non hai servo maior có seu señor; se a min me perseguiron, hantvos perseguir tamén a vós; se gardaron a miña palabra, tamén gardarán a vosa.”

Todo isto hánvolo facer por causa miña, pois non coñeceron a quen me mandou.»